



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Rios, secretaria do tribunal avaliador do proceso selectivo para a provisión en propiedade de tres (3) prazas de CONSERXES DEPORTES en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (Expte. 2023 ESTB000004),

CERTIFICO: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 8:30 horas do día 28/04/2023, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **“ACTA NÚMERO 3.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS. CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL, PROPOSTA DE NOMEAMENTE E RELACIÓN COMPLEMENTARIA.”**

(...) O obxecto da constitución do Tribunal Avaliador é a resolución das alegacións presentadas por algúns dos/as aspirantes deste proceso selectivo ó resultado da puntuación do concurso de méritos.

A tal efecto consta a presentación das seguintes alegacións:

1ª.- Escrito presentado por **Marcos Carracedo Rama**, con DNI número *****2293****, rexistrado de entrada na data 18/04/2023 co número 9681, no que solicita que o tribunal proceda á revisión da puntuación da experiencia profesional, e que na referida experiencia se teña en conta que os servizos prestados no Concello de A Pobra entre as datas 10/10/2022 ata o momento da expedición de dito certificado se valora como posto igual ou equivalente ó da praza obxecto da convocatoria. Co seu escrito achega certificado de servizos prestados emitido polo Concello de A Pobra do Caramiñal na data 30/03/2023.

2ª.- Escrito presentado por **Francisco Javier Blanco Ansoar**, con DNI número *****5956****, rexistrado de entrada na data 20/04/2023 co número 9.871, no que solicita que se considera a súa experiencia laboral coa máxima puntuación xa que nas bases se recolle explicitamente que se valorará coa máxima puntuación os traballos realizados de grupo ou categoría, igual ou similar.

Estudadas as referidas alegacións polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación interposta por Marcos Carracedo Rama no referido á revisión da puntuación outorgada na experiencia profesional, xa que neste proceso selectivo non se detectou ningún erro na suma das puntuacións outorgadas.

SEGUNDO.- **Desestimar** a alegación interposta por Marcos Carracedo Rama no referido a que se lle teña en conta os servizos prestados no Concello de A Pobra do Caramiñal entre as datas 10/10/2022 ata o momento da expedición do certificado de servizos prestados que achega co seu escrito de reclamación, valorando os mencionados servizos como posto de igual ou equivalente ó da praza obxecto da convocatoria, **polos seguintes motivos:**

- De conformidade co disposto na **Base 8ª** das que rexen este proceso selectivo, **soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as aspirantes presentasen ata**



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 28/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/04/2023 14:19:21

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000004

Fecha: 23/01/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias.

O período de presentación de instancias deste proceso selectivo foi desde o día 20/01/2023 ata o día 30/01/2023 (ambos incluídos).

O Sr. Carracedo Rama presentou a súa instancia coa demais documentación o día 27/01/2023 número de rexistro 2315.

Coa documentación presentada consta un certificado de prestación de servizos do Concello de A Pobra do Caramiñal asinado na data 26/01/2023 e no que aparecen os seguintes servizos: servizos prestados como persoal laboral temporal como Oficial de Brigada desde o día 12/07/2021 ata o día 31/12/2021; servizos prestados como persoal laboral temporal como Oficial de Brigada desde o día 10/10/2022.

Estes servizos foron valorados polo Tribunal Avaliador como servizos prestados noutras Administracións Públicas distintas da entidade convocante noutra categoría profesional distinta á que se opta ou posto distinto ó que se opta, multiplicando cada mes completo de traballo por 0,6, xa que o posto de Oficial de Brigada non é o mesmo que o posto de Conserxe (Base 8ª, apartado 8.1. a).

Os servizos prestados desde o día 10/10/2022 ó non ter data de finalización por continuar coa súa prestación, foron valorados tomando como data límite a data que consta no Informe da Vida Laboral presentada, que neste caso é de data 26/01/2023.

A certificación de servizos prestados que o reclamante achega coa súa reclamación varía con respecto á presentada inicialmente, xa que nos servizos prestados desde o día 10/10/2022 aparece que son servizos prestados na categoría de Oficial Brigada/Conserxe, que é o que o reclamante pretende que se lle valore, pretensión de imposible estimación en aplicación da Base 8ª antes citada.

TERCEIRO.- Desestimar a alegación presentada por Francisco Javier Blanco Ansoar polos seguintes motivos:

- En aplicación da Base 8ª, apartado 8.1 a), a puntuación máxima outorgase polos servizos prestados na categoría profesional á que se opta, é dicir, no grupo de clasificación ó que se opta, que neste caso é o grupo V, en posto igual ou equivalente ó da praza obxecto da convocatoria, isto é, no mesmo posto de traballo que se convoca no proceso selectivo en cuestión, xa que hai que diferenciar praza e posto de traballo. A plantilla de persoal refírese ás prazas e a RPT ós postos de traballo, onde aparecen os citados postos identificados cun determinado código. A praza obxecto da convocatoria ven referida/vinculada a un posto de traballo en concreto que se identifica cun código nas propias bases. En aplicación do texto das bases da convocatoria para obter á máxima puntuación enténdese que teñen que coincidir a categoría profesional ou grupo de clasificación dos servizos prestados coa categoría profesional ou grupo de clasificación á que se opta, e o posto de traballo desempeñado e ó que se opta. Non concorrendo estes dous requisitos nos servizos que acredita ter prestados o reclamante.

CUARTO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado das alegacións presentadas.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 28/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/04/2023 14:19:21

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000004

Fecha: 23/01/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

QUINTO.- Ratificar a puntuacións outorgadas pola fase de concurso de méritos.

SEXTO.- De conformidade co referido na Base 9ª, e tendo en conta a orde de prioridade para o caso de empate na puntuación final do proceso selectivo recollido na referida Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, a **CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL** quedaría tal e como se dispón a continuación:

Orde	Aspirante	Concurso méritos	Puntuación total
1º	José Manuel Olveira Vila	100	100
2º	Rosa Mª González Arias	100	100
3º	Juan Antonio Sampedro Domínguez	100	100
4º	Olimpio Vigo Rial	100	100
5º	José Figueiredo Crespo	100	100
6º	Elena Mª Mos Mirás	100	100
7º	Mª del Rosario González Sánchez	90	90
8º	Francisco Javier Blanco Ansoar	62,8	62,8
9º	Brais Calles Alonso	43,6	43,6
10º	Marcos Carracedo Rama	38	38
11º	Juan Salvador Álvarez Parada	28,2	28,2
12º	Joaquín Somoza Dieste	24	24
13º	Silvia Sampedro Muñiz	13,2	13,2
14º	Francisco Antonio Muñiz Vilar	12,4	12,4
15º	Mª Begoña Mariño Corbelle	10	10
16º	Mónica González Pouso	10	10
17º	José Rubén Muñiz Sanisidro	10	10
18º	Jesús Manuel Rey Vázquez	4,8	4,8

SÉTIMO.- De conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, e concluída a cualificación final do mesmo, procédese a realizar **PROPOSTA DE NOMEAMENTO como persoal laboral fixo do Concello de Ribeira en favor dos/as aspirantes JOSÉ MANUEL OLVEIRA VILA, ROSA Mª GONZÁLEZ ARIAS E JUAN ANTONIO SAMPEDRO DOMÍNGUEZ.**

OITAVO.- De conformidade coas Bases 9ª e 12ª das que rexen este proceso selectivo efectúase a seguinte relación complementaria cos/as aspirantes que non obtiveron praza:

Orde	Aspirante	Puntuación total
1º	Olimpio Vigo Rial	100
2º	José Figueiredo Crespo	100
3º	Elena Mª Mos Mirás	100
4º	Mª del Rosario González Sánchez	90
5º	Francisco Javier Blanco Ansoar	62,8
6º	Brais Calles Alonso	43,6
7º	Marcos Carracedo Rama	38
8º	Juan Salvador Álvarez Parada	28,2
9º	Joaquín Somoza Dieste	24
10º	Silvia Sampedro Muñiz	13,2





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

11º	Francisco Antonio Muñiz Vilar	12,4
12º	Mª Begoña Mariño Corbelle	10
13º	Mónica González Pouso	10

Coa mencionada relación complementaria procederase á formación dunha BOLSA DE EMPREGO por orde decrecente da puntuación total final, co fin de cubrir necesidades futuras na cobertura temporal de postos ligados á praza da mesma natureza que a convocada.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación (Base 12ª das que rexen este proceso selectivo).

NOVENO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde da Presidenta do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 28/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/04/2023 14:19:21

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000004

Fecha: 23/01/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E7001089E400B4X1Q2H4V1P7

